



## Bolsas do Campus Industrial de Ferrol para alumnado estranxeiro que queira cursar nel estudos de máster universitario

### 1. OBXECTO

O Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña (UDC) pretende con esta acción incentivar a súa internacionalización, entendida como acción transversal prioritaria que se concreta en fomentar o número de estudantes estranxeiros/as no seu seo, así como o número de colaboracións con entidades internacionais.

O Programa de Bolsas do Campus Industrial de Ferrol para Estudos de Máster Universitario diríxese a egresados/as estranxeiros/as que queiran cursar de forma presencial estudos oficiais de máster universitario nas titulacións do Campus Industrial de Ferrol que se indican a continuación:

- Máster universitario en materiais complexos: análise térmica e reoloxía:  
<https://estudios.udc.es/es/study/start/4495v01>
- Máster universitario en deseño, desenvolvemento e comercialización de videoxogos:  
<https://estudios.udc.es/es/study/detail/4529v01>
- Máster universitario en eficiencia enerxética e sustentabilidade:  
<https://estudios.udc.es/es/study/start/4547v01>
- Máster universitario en enxeñería en deseño industrial:  
<https://estudios.udc.es/es/study/detail/4528v01>
- Máster universitario en enxeñería industrial:  
<https://estudios.udc.es/es/study/orientation/4497v03>
- Máster universitario en enxeñería naval e oceánica:  
<https://estudios.udc.es/es/study/detail/4496v02>
- Master universitario en informática industrial e robótica  
<https://estudios.udc.es/es/study/detail/4538v01>

Ademais, ofreceranse 2 bolsas de matrícula para cursar en modalidade online o máster universitario en eficiencia enerxética e sustentabilidade, que é o único dos másteres do Campus Industrial de Ferrol que permite esta modalidade non presencial.

Os obxectivos deste programa son os seguintes:

- a) Potenciar a internacionalización dos másteres oficiais do Campus Industrial de Ferrol.
- b) Facilitar o acceso de estudantado estranxeiro a másteres universitarios adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) do Campus Industrial de Ferrol.
- c) Contribuír ao desenvolvemento da calidade dos estudos de posgrao fomentando a mobilidade do estudantado universitario.



## 2. FINANCIAMENTO

Este programa oferta un total de nove bolsas, sete en modalidade presencial e dúas en modalidade online.

A dotación deste programa irá con cargo á partida orzamentaria 090044F300 422D 6400016 e terá un importe total de 73.800 euros.

### 2.1 Bolsas en modalidade presencial

No caso das bolsas de modalidade presencial estas estarán destinadas ao financiamento da matrícula e os gastos de viaxe e estancia para alumnado estranxeiro que queira cursar algún dos másteres do Campus Industrial de Ferrol arriba sinalados.

No caso de que exista algunha persoa que fose beneficiaria o curso anterior dunha bolsa do Campus Industrial de Ferrol e estea a cursar un máster de máis de 60 créditos ECTS, é dicir de máis dun curso de duración, poderá solicitar a bolsa para o segundo curso académico. A concesión desa bolsa está supeditada a que cumpra os requisitos de valoración que se detallarán máis adiante. Estas persoas, en caso de cumprir os requisitos terán prioridade fronte ás persoas de novo ingreso e por tanto o número de bolsas ofertado a persoas de novo ingreso verase diminuído en función das persoas que consigan a bolsa de continuidade.

A concesión dunha destas bolsas exige ás persoas beneficiarias do pago do importe da matrícula (60 créditos ECTS como máximo). O pago das taxas de secretaría (taxa de apertura de expediente, taxa de expedición de título e seguro) correrá pola súa conta.

Ademais, todas as bolsas para a modalidade presencial inclúen:

- a) un importe destinado a sufragar gastos de viaxe cuxa contía máxima varía segundo o país de procedencia (ver a táboa ao final deste apartado);
- b) e un importe destinado a sufragar gastos de estancia (manutención e aloxamento) no lugar onde se estea cursando presencialmente o correspondente máster de 600€/mes durante un período de nove meses correspondentes ao curso académico, que se poderá ampliar a once meses no caso de ser necesario permanecer a efectos de avaliación (con límite máximo de xullo de 2024). Para esta ampliación deberá achegarse un xustificante asinado pola persoa coordinadora do programa de máster. A asignación só se desembolsará polo período efectivo de estancia da persoa bolseira en España xustificada oportunamente, excluindo o período que poida mediar entre o comezo do curso académico e o desprazamento do/da bolseiro/a ó lugar de destino para realizar os estudos correspondentes.

A contía máxima e cada unha das 7 bolsas é de 10.200€.

Durante a súa estancia, os/as bolseiros/as contarán co apoio e o asesoramento técnico da Oficina do Campus Industrial, como ente encargado da xestión do Programa de Bolsas do Campus Industrial de Ferrol para Estudos de Máster Universitario, co fin de que atopen na UDC o ambiente adecuado para aproveitar con todas as garantías a realización do máster que cursen. As cuestións que non sexan referentes ás bolsas Campus Industrial de Ferrol deben ser consultadas nos seguintes correos electrónicos:



- Temas relacionados co proceso de preinscrición: [seccion.admision.master@udc.gal](mailto:seccion.admision.master@udc.gal)
- Temas relacionados coa matrícula: [uxai.esteiro@udc.gal](mailto:uxai.esteiro@udc.gal)

A contía destinada a sufragar os gastos de viaxe variará en función do país de orixe segundo a táboa que figura a continuación , e en ningún caso será superior aos gastos debidamente xustificadas:

Axuda de viaxe segundo a procedencia	Importe máximo
Portugal	400 €
Escandinavia, Polonia, Romanía, Hungría, Bulgaria, Turquía e países Europeos ao este destes últimos.	1000 €
Resto de países de Europa e países do norte de África.	800 €
América	1500 €
Asia, Oceanía, África Sur	1700 €

## 2.2 Bolsas en modalidade online

Ofrécese ademais 2 bolsas de matrícula para o Máster universitario en eficiencia enerxética e sustentabilidade, que é o único dos másteres do Campus Industrial de Ferrol que permite esta modalidade non presencial. Nese caso a concesión dunha destas bolsas exixe ás persoas beneficiarias do pago do importe da matrícula (60 créditos ECTS como máximo). O pago das taxas de secretaría (taxa de apertura de expediente, taxa de expedición de título e seguro) correrá pola súa conta.

A contía máxima de cada unha das dúas bolsas é de 1.200 €.

## 3. PERFIL DAS PERSOAS SOLICITANTES

A convocatoria está aberta a todos/as aqueles/as egresados/as estranxeiros/as que estean interesados/as en cursar as titulacións de máster universitario do Campus Industrial de Ferrol indicadas anteriormente durante o curso académico 2023/24, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade estranxeira.
- Cursar a titulación previa nunha área de coñecemento afín ao máster solicitado.
- Estar en posesión dun título dunha universidade estranxeira que faculte no país expedidor para acceder a estudos de máster. Así mesmo , poderán acceder as persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao EEES, sen necesidade de homologar os seus títulos, tras comprobar a UDC que as persoas solicitantes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios españois e que faculta no país expedidor do título para o acceso as ensinanzas de Máster.



- d) Aquelas persoas beneficiarias da bolsa na convocatoria de axudas 2022/23 do CIF que queiran continuar no segundo ano de máster.

Os/as aspirantes poderán sinalar, por orde de preferencia, ata dous másteres do seu interese.

#### 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A presentación de solicitudes realizarase **dentro do correspondente prazo de preinscrición**, xeral ou extraordinario para a prescrición nos másteres universitarios da UDC, a través dun envío ao correo electrónico [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal) da seguinte documentación:

- a) Anexo I.
- b) Currículo vitae e documentación de soporte dos méritos alegados segundo o indicado no apartado 5.
- c) Documento de identidade/pasaporte.
- d) Carta de motivación persoal para a realización do máster.
- e) Poderá achegarse tamén aval e proxecto formativo (modelo en Anexo II) dun /unha investigador/a de o Campus Industrial de Ferrol, no caso de que a persoa solicitante manifeste interese en realizar unha tese doutoral neste campus tras o máster.
- f) Resgardo de preinscrición no máster.
  - A preinscrición e matrícula no máster universitario realizarase a través da plataforma SIGMA na web: [https://www.udc.es/es/futuros\\_estudiantes/masteres/](https://www.udc.es/es/futuros_estudiantes/masteres/)

A posibilidade de realizar unha solicitude de bolsa nos seguintes prazos de preinscrición estará supeditada a que nos anteriores prazos non fose outorgada a totalidade de bolsas recollidas nesta convocatoria. Os prazos de preinscrición e matrícula poden consultarse na páxina [https://www.udc.es/es/futuros\\_estudiantes/masteres/](https://www.udc.es/es/futuros_estudiantes/masteres/)

Para o alumnado de continuidade este terá que presentar certificado académico coas cualificacións do primeiro curso de máster.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

A concesión da bolsa quedará condicionada á efectiva matrícula no máster para o que se concedeu a bolsa. No caso de que o alumno/a non matricúlese quedará directamente excluído da bolsa, isto implica que debe matricularse aínda cando non se resolveu a concesión da mesma.

Para os efectos do proceso de avaliación, só terase en conta a información contida na documentación achegada na data de peche do prazo de preinscrición correspondente.



## 5. SELECCIÓN

As bolsas serán concedidas, segundo os requisitos expostos nesta convocatoria, por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol.
- c) María Eugenia Díaz Caneiro, técnica de Internacionalización do Campus Industrial de Ferrol.
- d) Andrés Piñón Pazos, coordinador da Comisión de Docencia.

A Comisión de Selección terá en conta os seguintes criterios para as bolsas de continuidade no segundo curso do máster:

- a) O alumno ou alumna non poderá ter ningunha materia suspensa.
- b) A nota media numérica das cualificacións do primeiro curso non poderá ser inferior a 7.

A Comisión de Selección terá en conta os seguintes criterios para as bolsas de nova incorporación:

### 5.1. Modalidade presencial:

- a) Priorizaranse aquelas solicitudes dirixidas a másteres que tivesen unha matrícula inferior ao 50% das prazas ofertadas no curso 2022/2023.
- b) Non se poderán conceder máis de dúas bolsas por máster, a menos que non haxa solicitudes suficientes para outros másteres.
- c) Darase preferencia a aquelas solicitudes que contén cun aval dun/a investigador/a adscrito/á o Campus Industrial de Ferrol e que lle poida dar continuidade ao proxecto formativo da persoa beneficiaria, no caso de que queira realizar unha tese de doutoramento neste campus.
- d) Valoración do expediente académico e do currículum vitae (máximo 5 puntos). Para iso terase en conta o seguinte baremo:
  - Nota media do expediente (máximo 2 puntos):
    - 8,5-10: 2 puntos
    - 7-8,4: 1,5 puntos
    - 6-6,9: 1 punto
    - 5-5,9: 0,5 puntos
  - Premios extraordinarios: 1 punto por premio (máximo 2 puntos).
  - Nivel de coñecemento de inglés (máximo 1 punto). Competencia lingüística acreditable do idioma inglés:
    - Nivel básico (A2-B1) ou equivalente: 0,25 puntos
    - Nivel intermedio (B2) ou equivalente: 0,5 puntos
    - Nivel avanzado (C1) ou equivalente: 1 punto

Todos estes méritos deben acreditarse cos certificados correspondentes, en caso de non poder



comprobarse a súa veracidade non se terán en conta. A nota media do expediente académico para os títulos obtidos en sistemas universitarios estranxeiros debe calcularse de acordo co disposto na resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia e Innovación pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas, publicadas polas resolucións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016. A información pode consultarse na seguinte ligazón: <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/20/203615/ficha/203615>

A persoa solicitante terá que tramitar a declaración de equivalencia da nota media de acordo con este procedemento e achegala xunto ao resto da documentación. A certificación só será válida se está acompañada da copia do certificado académico oficial e no seu caso da tradución correspondente a español ou inglés.

e) Valoración da carta de motivación (1 punto).

A bolsa será concedida para un máster en concreto de entre os elixidos polo/a solicitante.

O/a bolseiro/a non poderá utilizar a bolsa para cursar outro máster diferente daquel para o que lle foi concedida.

## **5.2. Modalidade online (Máster en eficiencia enerxética e sustentabilidade):**

Para seleccionar entre as solicitudes valorarase unicamente o expediente académico e o currículo vitae, seguindo o baremo que se describe no punto 5.d. É imprescindible acreditar todos os méritos cos certificados correspondentes tal e como se indica nese punto.

## **6. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN**

A resolución das bolsas non se realizará ata que se esgote o prazo de inscrición extraordinario e fose publicada a lista de persoas admitidas en cada un dos másteres. De quedaren bolsas vacantes, publicarase unha resolución posterior segundo as datas do primeiro prazo do procedemento ordinario. É importante lembrar que o alumnado debe matricularse aínda cando non se resolveu a bolsa, senón decaerá directamente no seu dereito á mesma. Unha vez analizadas as solicitudes publicarase no Taboleiro Electrónico da UDC (<https://sede.udc.gal>) as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas, xunto con a causa da exclusión.

As persoas beneficiarias de forma provisional da bolsa recibirán unha comunicación individual na dirección de correo electrónico que indicasen na solicitude. Dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para presentar calquera reclamación e/ou achegar a documentación requirida.



Transcorrido o prazo de reclamacións, e unha vez resoltas motivadamente, a comisión de selección publicará na Sede electrónica da UDC a resolución de adxudicación definitiva.

Ademais da dos/as nove bolseiros/as seleccionados/as - sete bolseiros/as na modalidade presencial e dous bolseiros/as na modalidade online-, elaborárase unha lista de suplentes para cubrir as posibles vacantes ou renuncias que se poidan producirse ao longo do procedemento para cada unha das modalidades. A ordenación das persoas suplentes farase segundo os mesmos criterios de selección..

O procedemento de pago será o estipulado no apartado 10.

## 7. OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- a) A persoa beneficiaria comprométese a cumprir as normas e as obrigacións específicas establecidas nesta convocatoria, así como a remitir á Oficina do Campus Industrial a información que lle sexa requirida en relación coa bolsa.
- b) Enviar á Oficina do Campus Industrial ([internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal)) o documento de aceptación da bolsa e das condicións desta (Anexo I).
- c) Formalizar a correspondente matrícula na UDC en estudos oficiais de máster universitario do Campus Industrial de Ferrol no curso 2023/24, atendendo ao procedemento e aos prazos regulamentarios establecidos e enviar á oficina do Campus Industrial unha copia do xustificante de matrícula.
- d) Ocuparse persoalmente de realizar todos os trámites necesarios para conseguir o visado de entrada a España, así como, no seu caso, para legalizar toda a documentación necesaria para constituír o seu expediente académico.
- e) As persoas bolseiras están obrigadas a realizar as actividades previstas nos programas de formación e cumprir os obxectivos destes, polo que deberán superar as probas correspondentes ás materias e os créditos en que se matriculen.
- f) As persoas bolseiras están obrigadas a comunicar á Oficina do Campus Industrial a súa renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine.

As bolsas concederanse a tempo completo. En caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigacións, a persoa bolseira deberá reintegrar as cantidades xa percibidas, xunto con intereses de demora que correspondan, salvo en casos excepcionais autorizados polo Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, previo informe da dirección do Campus Industrial.

Considérase un caso excepcional aquel en o que a persoa beneficiaria queira obter unha dobre titulación e realice o seu traballo de fin de máster noutra universidade, a condición de que esa posibilidade estea exposta no plan formativo do máster. En todo caso, a persoa beneficiaria comprométese a presentar o título de máster unha vez terminado. De non facelo, deberá reintegrar as cantidades xa percibidas.

A concesión dunha destas bolsas non establece ningunha relación contractual ou estatutaria coa UDC nin implica ningún compromiso en canto a posterior incorporación ao seu cadro de perso



## 8. INCOMPATIBILIDADES

Estas bolsas son incompatibles con:

- a) outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolsreira, ou con calquera tipo de ingresos como consecuencia da prestación de servizos profesionais ou a realización dun traballo remunerado que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30% do salario mínimo interprofesional español no curso académico;
- b) as axudas destinadas a cubrir accións formativas no marco de programas de intercambio internacional.

Serán compatibles coas prácticas remuneradas sempre que estas se integren no plan de estudos do máster.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolsreiras comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria mediante a presentación dos documentos que figuran a continuación, que deberán entregar na Oficina do Campus Industrial, segundo indíquese na resolución definitiva, no prazo de sete días hábiles, que contarán a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución coa lista definitiva:

- a) Aceptación ou renuncia da bolsa e declaración xurada conforme non teñen concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados para o mesmo fin, ou que sexan incompatibles, así como salarios que impliquen a súa vinculación contractual ou estatutaria, ou calquera tipo de ingreso pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30% do salario mínimo interprofesional español no curso académico (Anexo III).
- b) Xustificante de matrícula no máster.

## 10. PAGO

O pago do importe da bolsa (estancia e gastos de viaxe) realizarao a UDC mediante transferencia a unha conta bancaria europea, preferiblemente española, na que a persoa beneficiaria figure como titular, coas retencións correspondentes.

A persoa beneficiaria deberá enviar ao correo [internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal) no **prazo de 5 días hábiles** desde a súa chegada ao destino no que inicie os estudos os seguintes documentos:

- a) Xustificante bancario do número de conta europea
- b) Copiado pasaporte
- c) Impreso de alta de terceiros ([https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO\\_003](https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003))





O pago dos importes correspondentes (estancia e viaxe) farase en varios abonos:

- a) Primeiro pago. Unha vez acreditada a matrícula no máster e previa xustificación dos gastos de viaxe, procederase ao pago dos importes correspondentes á viaxe e a primeira contía correspondente a manutención e aloxamento.
- b) Mensualmente a contía da bolsa destinada aos gastos de manutención e aloxamento contemplada no apartado 2, salvo informe desfavorable do/da coordinador/a de o máster.

En ningún caso pagarase o importe da bolsa (estancia) correspondente ao período que poida mediar entre o comezo do curso académico e o desprazamento do/da bolseiro/á o lugar de destino para realizar os estudos correspondentes.

## 11. INCUMPRIMENTOS

A eventual ocultación ou falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigacións establecidos nesta convocatoria e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, establézanse nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da bolsa, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo a a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A solicitude de bolsa implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos co devandito fin cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tal Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera



momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tal dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña , ou ben ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «Protección de datos», a través de un escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal antes indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Así mesmo , ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

María Jesús Movilla Fernández



## Anexo I Formulario de inscrición

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome	
Apelidos	
Nº pasaporte/NIE	

É alumno/a de continuidade?	
	SI (Indique máster: _____ )
	NON

Master para o que se solicita a bolsa por orde de preferencia	
1	
2	

No caso de que o máster o permita. Modalidade escollida para cursalo	
Presencial	
Online	

Documentación adxunta para estudantes de continuidade	
	Certificado de cualificacións no curso 2022/2023 (primeiro curso de máster)

Documentación adxunta para estudantes de nova matrícula	
	CV e xustificantes de méritos alegados
	DNI/pasaporte/NIE
	Carta de motivación
	Aval e/ou proxecto formativo
	Certificado de preinscrición

Firma da persoa solicitante

Data



## Anexo II

### Aval e proxecto formativo

#### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA BOLSA

Nome e apelidos	
-----------------	--

#### DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA DO CAMPUS INDUSTRIAL QUE AVALA Á PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos	
-----------------	--

#### BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO FORMATIVO

(Proxecto de tese doutoral que a persoa podería realizar no Campus Industrial de Ferrol baixo a dirección da persoa investigadora que a avala)

Firma da persoa solicitante

Firma da persoa investigadora

### Anexo III Aceptación ou renuncia da bolsa

#### DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA

<b>Nome e apelidos</b>		<b>DNI/NIF</b>	
----------------------------	--	----------------	--

Ao aceptar a bolsa, a persoa beneficiaria:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da bolsa que se lle concedeu.
- Comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

#### Declaración doutras axudas para o mesmo fin

<input type="checkbox"/>	Declaro que <b>NON</b> recibín outras axudas para o mesmo fin. Declaro baixo a miña responsabilidade que non teño concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados para o mesmo fin, ou que sexan incompatibles, así como que non obtiven salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria, ou calquera tipo de ingresos que supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30% do salario mínimo interprofesional no curso académico.
--------------------------	---

Firma da persoa beneficiaria

Data